



Narración oral e monicreques | Todos os públicos (+6) | 50 min

O Espantamedoa é un espectáculo de narración oral de Fantoche Baj, dirixido a todos os públicos. O medo, a pesares de facernos vivir momentos indesexables, protexenos de multitude de perigos e situacións que poden resultar perxudiciais, e é por iso que desde sempre os medos tiveron nome e imaxe. En Espantamedos propoñemos un conxunto de contos e cancións para enfrontarse a ese medo patrimonial que dun xeito ou doutro perviven na sociedade galega dos nosos días:

- A prevención contra o cheiro do maligno e contra os peidos do demo perfumista parisino Cobillón.
- O conto da astucia da Tía Lola que enganou á morte.
- O salmo do tente nube e o seu característico toque de campás para afastar ao Tronante.
- O reque-reque do señor Aparicio que espanta ao demo que nos quere sacar do noso camiño.
- O ritmo machacón do tric ballach napolitano que fai fuxir ao demo do Tarangaño e o conto encadeado que da súa fuxida se desata.
- O baile da chanfaina que esconxura a enfermidade da Maturrangaina.
- O San Bartolomeu como figura avogosa para as trasnadas dos demos bulreiros e o que lle pasou a un mariñeiro da illa de Samartolomeu en Moaña.

Estes remedios resumense en dous: a risa e a pertenza ao grupo como medios infalibéis contra todos os males que neste mundo hai.